

ENQUISAS DE SATISFACCIÓN 2025

Enquisas de satisfacción de empresas instaladas en Tecnópolis

As enquisas representan un dos mecanismos máis directos cos que conta o Parque para coñecer as necesidades dos seus clientes, para obter información sobre a súa opinión acerca dos servizos que ofrece Tecnópolis, as súas propostas, inquietudes e intereses.

Polo tanto o seu obxectivo é detectar os puntos críticos sinalados polas empresas clientas, emprender as accións correctivas que sexan necesarias e establecer servizos deseñados á súa medida para conseguir unha mellora continua e un maior grao de satisfacción.

Valoración dos servizos e actividades realizadas por PTG, S.A


A través dun cuestionario online preguntouse ás empresas a súa valoración dos servizos de seguridade, recepción, prensa, internet, telefonía, limpeza, cafetería, locais, instalacións, divulgación...

O trato e atención do persoal e o servizo de recepción foron os mellor valorados alcanzando unha puntuación próxima ao máximo; seguidas da seguridade e as actividades de divulgación.

Uns poucos servizos obtiveron unha puntuación algo inferior ao resto, que serían internet e o de telefonía.

Non obstante nunha puntuación do 1 ao 10 todos foron valorados por riba do 7.

En canto á satisfacción xeral das empresas a súa valoración queda reflectida na gráfica seguinte:



Aspectos que máis valoran as empresas

A maioría das empresas instaladas na Tecnópolis o que máis valoran de estar no Parque é sobre todo a contorna, o prestixio de estar nun recinto con empresas tecnolóxicas e coa posibilidade de estar en contacto con outras entidades que desenvolven a súa actividade no campo da I+D+i.

Outros aspectos aos que fan referencia cando se lles pregunta polo que máis valoran é a seguridade, as instalacións en xeral e os servizos que ofrece Tecnópolis.

Servizos que botan en falta

Ás empresas gustaríalles que houbo máis actividades de dinamización e sinerxía entre empresas e emprendedores.

Din que botan en falta un servizo de bus con máis frecuencia de horarios, para dar facilidades de desprazamento aos empregados.

Tamén piden un servizo de reciclaxe.

Xornadas e eventos colaborativos on-line para que sexan máis atractivos e poidan reunir máis xente.

Enquisas de satisfacción actividades de divulgación científica

En canto ás actividades de divulgación científica que teñen lugar no Parque Tecnolóxico de Galicia ao longo do curso escolar como Aulas Tecnópole, Aula Newton, ou a Galiciencia no mes de maio e o campamento T2w no verán, pódese observar a través dos seguintes gráficos obtidos a partir das enquisas de valoración que fai o alumnado participante nas ditas actividades que a satisfacción destes é moi positiva, sendo os resultados sobre un máximo de 5 puntos estes:

